

## **CURSOS DO CIOV 2019 OBRADOIRO DE IMPROVISACIÓN TEATRAL**

### **PROGRAMA**

#### **INTRODUCCIÓN**

O teatro e a vida non están tan afastados como semella. Todos os días empregamos distintos recursos expresivos e amosamos aspectos da nosa personalidade diferentes en función do contexto no que nos atopemos. Somos, dalgún xeito, actores das nosas vidas. Neste obradoiro tomaremos consciencia desta semellanza, trasladando eses recursos que utilizamos na nosa vida cotiá a un espazo ficcional. Atopando tamén nesa viaxe unha serie de principios propios do teatro. Bases específicas das artes escénicas, que traballaremos dende un punto de vista eminentemente lúdico.

Por outra banda, empregaremos a creatividade teatral como recurso para fomentar a normalización da oralidade en galego como lingua de cultura e de ocio, para o que contemplamos dúas liñas de acción:

- Incorporación de textos da literatura dramática galega contemporánea.

Con eles poderemos artellar a construción de personaxe e o traballo de texto en base a unha escolma de textos da nosa literatura dramática. Poderemos empregar textos de autores recoñecidos e recoñecibles coma Cunqueiro, Manuel Lourenzo, Vidal Bolaño ou Roberto Salgueiro entre outros.

- Emprego da lingua como pauta nos xogos teatrais e nas improvisacións.

Neste sentido o propósito é o de introducir a propia lingua dentro dos exercicios teatrais, empregándoa como condicionante nas improvisacións alén do seu uso no ámbito das aulas. Inxerindo, do mesmo xeito, o léxico ou a gramática como premisa dos xogos teatrais.

Este obradoiro está destinado a adolescentes e persoas adultas non profesionais no eido das artes escénicas, concebido cunha duración de 20 h, no que o idioma vehicular sexa o galego.

## **OBXECTIVOS**

O xogo é unha das premisas básicas do teatro, non é casualidade que o “*play*” inglés ou o “*jeux*” francés sexan termos asociados á interpretación. Aquí imos, do mesmo xeito, aprender a “*xogar*” un rol. E aprenderemos a xogalo xogando. Evidentemente éste non é un taller profesionalizador, polo tanto o divertimento é un dos principais obxectivos deste obradoiro. Mais non é o único. O participante rematará o obradoiro cunhas nocións básicas da teatralidade, da acción dramática, da construción de personaxe, ou da improvisación. Iso sí, sempre dende unha perspectiva lúdica.

## **METODOLOXÍA**

O obradoiro de Iniciación ao Teatro será fundamentalmente práctico, calquer concepto teórico desenvolverase a partir das problemáticas prácticas que xurdan no devir das clases. Non imos traballar ningún método interpretativo concreto, polo que os fundamentos teóricos son recollidos de diferentes autores e diferentes disciplinas dentro das artes escénicas. Deste xeito o mimodrama, o traballo con personaxes tipo ou a psicotécnica de Stanislavski serán empregadas como instrumentos pedagóxicos nas nosas aulas.

O xogo dramático e as improvisacións son, do mesmo xeito, as bases prácticas sobre as que sostemos o traballo nas clases.

## **OBRADOIROS**

### **DINÁMICA DE GRUPO**

- escoita.
- acción-reacción.
- velocidades e ritmos.
- Amebas.

### **ESPAZO**

- Equilibrio.
- Composición.

### **TRABALLO CORPORAL**

- Fundamentos preexpresivos.
- O corpo e as emocións.
- Antagonismos.

## **TRABALLO VOCAL**

- Proxección.
- Resonadores.
- Anclaxe.

## **CONSTRUCCIÓN DE PERSONAXES**

- Animalizacións.
- Personaxes tipo.
- Do tipo ao personaxe individualizado.

## **IMPROVISACIÓN**

- Desexo.
- Estratexias.
- Fisura.
- Improvisacións de “*status*”.
- Bloqueo/aceptación/oferta.

Esta recolleita de contidos é soamente un xeito de os organizar. Non serán tratados nin nesta orde nin de xeito illado. Tanto nos exercicios como nas improvisacións mesturaranse diferentes contidos, en función do grupo e da propia dinámica da clase, facendo deste xeito máis orgánico o decorrer deste obradoiro.

Os tempos son referencias aproximadas, depende do espazo, do número de participantes e das dinámicas que se creen.

## **CRONOGRAMA**

As sesións terán lugar nas seguintes datas: 4, 11, 18 e 25 de febreiro. 8, 11, 18 e 25 de marzo. 1 e 8 de abril Serán sesións de 2 h. Amais faremos senllos ensaios e unha representación final para completarmos a programación.